



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE LUDÓPATAS EN REHABILITACIÓN (AGALURE) EN MATERIA DE XOGO RESPONSABLE

En Santiago de Compostela a 5 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. Francisco Luis Gil Sánchez presidente da Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 28 dos Estatutos que rexen dita asociación (nº 2004/007181-1º) do Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma).

EXPOÑEN

PRIMEIRO - O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuo deportivo benéficas. Consonte o anterior, e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real Decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o Decreto 74/2018, do 5 de xullo polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de xogo, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A competencia da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en materia de xogo non se limitan á tramitación dos expedientes administrativos correspondentes, senón que abarca tamén as funcións de inspección, control e sanción da actividade do xogo así como ordenación e coordinación coas distintas xefaturas territoriais con competencias na materia. Tamén realiza funcións de colaboración e cooperación coas asociacións que tratan os problemas derivados de condutas aditivas relacionadas co xogo.





SEGUNDO - A Asociación Gallega de Ludópatas Rehabilitados (AGALURE) consta inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/007181-1º e ocúpase de ofrecer atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.

O seu programa de actividades abarca:

- a) atención telefónica diaria
- b) consulta do equipo técnico
- c) terapias de grupo semanais
- d) informacións asociativas
- e) terapias familiares
- f) grupos de apoio terapéutico
- g) terapias con pacientes rehabilitados
- h) establecer contactos coa Administración local e autonómica
- i) divulgación nos medios de comunicación
- j) programas de divulgación en concellos, colexios e profesionais
- k) elaboración de folletos e carteis e difusión destes
- i) actos sociais para fomentar a convivencia entre os socios

TERCEIRO - Entre os fins da Asociación AGALURE

* Ofrecer ás persoas que padecen a enfermidade da ludopatía ou outras adiccións sin substancias ou comportamentais e ao entorno destes a atención médica, psicoterapéutica, asesoramento xurídico e os apoios necesarios para a rehabilitación e inclusión social dos afectados.

* A difusión e sensibilización que axude á detección das persoas afectadas por este problema coa finalidade de facilitar a realización das actuacións preventivas necesarias e que fomente o apoio e a comprensión social a este colectivo.

CUARTO – De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención a que esta actividade de interese público unicamente é desenvolvida en Galicia por dúas Asociacións consonte o que consta na declaración que a tal efecto asinou o director xeral de emerxencias e interior e vanse subscribir convenios en idénticos termos coas dúas.





QUINTO – A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia-

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación AGALURE en canto ao apoio que esta poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable.

En concreto a actividade subvencionable é a seguinte:

- Instalación do sistema YEASTAR S20 no Centro Asistencial de Agalure

Importe: 1.884,93 euros

Importe a subvencionar: 1.000 euros

Segundo – Obrigas da institución

A Asociación Agalure queda obrigada a:

1. Destinar os fondos percibidos ao financiamento das actuacións referidas na cláusula primeira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas exixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas





Terceiro. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará a institución a cantidade de 1.000 euros (mil euros) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 25 212A 481.2 (CP 2018-00106) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Cuarto. Xustificación e libramento dos fondos

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para percibir a cantidade a asociación AGALURE a entregará a seguinte documentación:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de mil euros.
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considerase xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a presidente/a da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.

O representante da asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas, como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de AGALURE, das obrigas contidas neste convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na





mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto de convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos, ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvencións nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2018.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrese a asociación como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinto. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.





Sexto. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas

Sétimo. Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais,

Oitavo. Xurisdición

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Noveno. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada polo Director Xeral de Emerxencias e Interior e o Presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.





As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes:

As súas funcións serán,;

- a) Interpretación do convenio
- b) Proposta, se é o caso, de addendas
- c) Intervención previa á resolución por incumplimento
- d) Coordinación das funcións das partes intervintes
- e) Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo. Vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2018.

Undécimo. Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O presidente da Asociación Gallega de
Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE)

Francisco Luis Gil Sánchez